

**Normas de corrección :**

Marcar con X os cadros correctos na folla que está ó final dos enunciados. As respostas incorrectas puntúan negativamente a razón de tres por unha, é dicir, cada 3 respostas incorrectas anulan unha correcta. As non contestadas non contan en ningún sentido.

1- Os silicatos que teñen menor grao de polimerización son os:

- a) Inosilicatos
- b) Filosilicatos
- c) Nesosilicatos
- d) Tectosilicatos

2- Indica que astros presentan na súa superficie sinais de modelaxe fluvial:

- a) Marte e a Terra
- b) A Terra e Xúpiter
- c) A Lúa e Venus
- d) Venus e a Terra

3 - A galena é:

- a) Sulfuro de mercurio
- b) Óxido de ferro
- c) Sulfuro de ferro
- d) Sulfuro de chumbo

4 – Se queremos atopar depósitos de lignito en Galicia teremos que ir:

- a) A Vilalba
- b) A Xinzo de Limia e Meirama
- c) A Cabo Ortegal
- d) A Santiago de Compostela

5- Elix a secuencia correcta de rochas metamórficas en orden crecente de grao de metamorfismo:

- a) Xisto - gneis - lousa - migmatita – micacita
- b) Lousa - xisto - gneis - migmatita – micacita
- c) Lousa - xisto - gneis - micacita – migmatita
- d) Lousa - xisto - micacita - gneis - migmatita

6- Que asociación non atoparías nun granito

- a) Moscovita e albita
- b) Ortosa e seixo (cuarzo)
- c) Olivino e sillimanita
- d) Anfíbol e biotita



7- Ordena as seguintes rochas plutónicas segundo o seu contido en sílice en orde crecente:

- a) Doirita – gabro – granodirita- granito
- b) Grabro – diorita- granodriorita – granito**
- c) Granito – gabro- diorita - granodiorita
- d) Granodiorita – gabro- diorita - granito

8- Os diapiros son:

- a) Fallas normais coa parte inferior afundida
- b) Dobras isoclinais tumbadas
- c) Sinclinais deitados e cabalgantes
- e) Dobras anticlinais con núcleo de carácter salino**

9- O muro dun estrato é :

- a) O seu límite superior
- b) O seu límite inferior**
- c) O seu límite cunha falla
- d) O seu límite cun dique

10. A parte do continente mergullada ata os 150-200 m de pendente pouco pronunciada, chámase:

- a) Depresión oroxénica.
- b) Noiro continental
- c) Plataforma continental**
- d) Fosa tectónica

11- A rotura da rocha pola acción do xeo na meteorización chámase:

- a) Haloclastia
- b) Termoclastia
- c) Crioclastia**
- d) Hidroclastia

12.- Os tómbolos son:

- a) Faixas de area máis ou menos paralelas á costa
- b) Frechas litorais que xuntan a costa cun illote**
- c) Montículos de area formados pola acción do vento
- d) Frecha litoral que pecha parcialmente unha enseada

13.- Das seguintes formas, cal non é unha pegada deixada por un glaciar?:

- a) Val en forma de U
- b) Cono de dexección**
- c) Horn
- d) Fiorde

14.- Nun río, a cantidade de auga transportada por unidade de tempo denomínase:

- a) Canle
- b) Rápido
- c) Riada
- d) Caudal

15.- En Galicia podemos atopar covas nas rochas calcáreas:

- a) Nunha franxa ao oeste da Comunidade
- b) No sur, na fronteira con Portugal
- c) Nunha franxa no leste da Comunidade
- d) Preto de Coruña

16.- O comportamento mecánico dunha rocha é máis fráxil se existe:

- a) Maior temperatura
- b) Menor temperatura
- c) A temperatura non inflúe na fragilidade da rocha
- d) A temperatura soamente inflúe na plasticidade

17.- A seguinte gráfica representa o tempo medio que tardan en percorrer unha distancia as ondas P e S. Se nunha estación sísmica a diferenza entre a chegada das ondas P e S é de 5 minutos. A que distancia do foco sísmico estará situada dita estación?.

- a) 1500 km
- b) 2000 km
- c) 1000 km
- d) Ningunha das anteriores é correcta



18.- Os volcáns Hawaianos emiten lavas pobres en sílice, polo que:


- a. As lavas fluídas que emiten forman volcáns en escudo
- b. Son moi explosivos como o Mont Pelee
- c. Forman estrato volcáns
- d. Teñen unha explosividade intermedia

19.- A forza á que está sometida unha rocha polo feito de estar situada no interior terrestre denomínase :

- a. Presión tectónica
- b. Gradiente xeotérmico
- c. Presión litostática
- d. Esfuerzo compresivo

20.- A vida media do uranio-235 que se desintegra e se transforma en chumbo-207 é de 704 millóns de anos. Observa a seguinte gráfica e contesta. Que idade tería a rocha B?:

- a) 88 Ma
- b) 2112 Ma
- c) 352 Ma
- d) 1408 Ma



21.- Na costa oeste de Sudamérica hai:

- a) Unha dorsal
- b) Un marxe construtivo de placa
- c) Unha zona de subdución
- d) Unha falla transformante

22.-Os terremotos prodúcense ao desprazarse bloques de rocha ao longo de fallas situadas:

- a) Só nas dorsais
- b) Só nas fosas oceánicas
- c) Só no límite das placas
- d) En calquera lugar do planeta

23.- Os piroclastos son :

- a) As lavas malpaís que arrefrían rapidamente
- b) As fumarolas
- c) Fragmentos de diversos tamaños lanzados ao aire nunha erupción volcánica
- d) As lavas submariñas


24.- A descontinuidade de Mohorovicic separa:

- a) A litosfera e a Mesosfera
- b) A codia e o manto
- c) O manto superior do inferior
- d) O manto e o núcleo

25.- A escala de Richter está relacionada con :

- a.- A amplitude das ondas
- b.- A enerxía liberada
- c.- A valoración dos danos
- d.- A intensidade dos terremotos

Contesta ás seguintes cuestións relativas ao corte xeolóxico da figura (números do 26 ao 30)



26.- Indica cal é o último acontecemento dos seguintes nomeados:

- a) Intrusión do plutón granítico
- b) Sedimentación e litificación do material B
- c) Actuación da falla
- d) Deformación e metamorfismo do material H

27.- A falla F é:

- a) De dirección
- b) Normal
- c) Inversa
- d) Transformante

28.- O contacto entre os materiais A e J é unha:

- a) Inconformidade
- b) Discordancia angular
- c) Paraconformidade
- d) Desconformidade

29.- Os materiais C e máis E son de orixe:

- a) Glaciar
- b) Fluvial
- c) Eólico
- d) Volcánico



30.- Que principio básico da Xeoloxía non se cumpre en depósitos como os formados por C e máis E:

- a) Simultaneidade de eventos
- b) Actualismo
- c) Superposición de estratos
- d) Superposición de fenómenos

31.- A fusión das Neves dos cumes dos volcáns pode producir:

- a) Lahares.
- b) A formación dunha caldeira
- c) Lapilli
- d) A formación dun domo volcánico

32.- Os encoros:

- a) Serven para controlar o caudal dos ríos
- b) Non afectan ós bosques de ribeira
- c) Favorecen a migración do peixes
- d) Evitan a proliferación de algas microscópicas

33.- Se son aplicadas correctamente as medidas de protección fronte ós riscos naturais :

- a.- Rebáixase a perigosidade
- b.- Pódese evitar que ocorran os sucesos
- c.- Elimínanse as circunstancias que provocan os sucesos
- d.- Redúcese a vulnerabilidade

34.- As zonas de subdución son:

- a) Marxes construtivas de placa
- b) Marxes diverxentes de placa
- c) Marxes neutras ou pasivas de placa
- d) Marxes onde as placas se achegan

35.- Un dos argumentos que levaron a Wegener a propoñer a súa teoría foi:

- a) A presenza de fósiles da mesma especie no mesmo continente
- b) A presenza de fósiles da mesma especie en continentes separados
- c) A presenza de fósiles de distintas especies nun mesmo continente
- d) Non utilizou os fósiles como proba

36.- O nivel freático é:

- a) O nivel máximo que acadará a auga dun río
- b) O límite superior da zona de aireación
- c) O límite entre a zona de aireación e a zona de saturación dun acuífero
- d) O nivel de base dunha corrente subterránea de auga



37.- Os Trilobites son fósiles guía do :

- a) Mesozoico
- b) Proterozoico
- c) Paleozoico**
- d) Cenozoico

38.- Das seguintes frases, cal é a correcta?:

- a) Os bordes pasivos de placa están atravesados por fallas normais con movemento na vertical.
- b) Os bordes destrutivos de placa chámanse zonas de subdución e coinciden con fosas oceánicas.**
- c) Os bordes construtivos de placa forman as dorsais con lava moi ácida, viscosa e explosiva.
- d) As fallas transformantes producen terremotos de foco moi profundo e volcáns de magma moi ácido.

39.- A meirande parte do territorio que hoxe conforma Galicia:

- a) Emerxeu hai uns 60 Ma durante a oroxenia Alpina
- b) Estivo sempre emerxido
- c) Emerxeu durante o Precámbrico
- d) Emerxeu a finais do Paleozoico durante a oroxenia Varisca (Hercínica)**

40.- Que recursos minerais se pretenden explotar actualmente en Galicia?:

- a) Antracita e xeso
- b) Bauxita e diamante
- c) Ouro e terras raras**
- d) Cinabrio e silvina